



Tertulias literarias

BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN DA MULLER “ROSALÍA DE CASTRO”.

B

SANTA CRUZ
OUTUBRO – DECEMBRO 2021

B

1) Un amor, de Alejandro Palomas

9 febreiro a 2 marzo



No universo familiar de Amalia, a engrenaxe móvese ao ritmo desacompasado das emocións. É unha familia típica, e sobre todo, moi real. Pero chega un día cume nas súas vidas. A súa filla Emma vai casar e todos se dispoñen a organizar a mellor voda. A noite previa á cerimonia, unha chamada rompe a harmonía familiar.

2) Abril encantado, de Elizabeth Von Arnim

2 a 16 marzo



Un lugar encantador onde acudirán catro mulleres inglesas, fartas e aburridas, escapando da rutina. Alí, na primavera e en pleno Mediterráneo, conversan, viven e descubren os mellores matices da súa sensibilidade, oculta pola monotonía cotiá. E todo empezará a cambiar, quizá para sempre. Esta comedia de Elizabeth von Arnim brinda tanto pracer e fascinación hoxe como entón.

3) A esmorga, de Eduardo Blanco Amor

16 marzo a 6 abril



“A esmorga” é a obra máis popular e lida de Eduardo Blanco Amor. Tivo que publicarse por vez primeira en Bos Aires ante a negativa da censura franquista a permitir que circulasen libremente as traxicómicas peripecias do Cibrán, o Bocas e o Milhomes nunha noite de bebedela polos arredores de Auria, a cidade literaria coa que Blanco Amor reelaborou desde a distancia o seu Ourense natal.